

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 19 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública do premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional dos camiños de Santiago e se convoca a súa XIV edición para o ano 2009.*

O intercambio de culturas e o entendemento entre os pobos é un dos valores fundamentais que xurdiron entre as voltas dos camiños de Santiago desde o século IX ata os nosos días. Nestes séculos de intercambios e coñecementos vaise conformando uns dos itinerarios culturais de maior valor simbólico, coñecido en todo o mundo que representa a unidade e a transferencia de coñecementos sen límites e a liberdade de movementos. Os camiños de Santiago, un deles o primeiro Itinerario Cultural Europeo ou, se se quere, a Rúa Maior de Europa sentaron os baseamentos do progreso e dos vínculos entre os pobos, promovendo o xermolo da idea de unidade de Europa. Durante moitas décadas foi o espírito anovador que conxugou o relixioso, o espiritual, o deportivo, o cultural e o económico sen esquecer tampouco o seu carácter de eixo vertebrador dun patrimonio cultural propio e que cómpre protexer.

Despois dun momento de declive, por mor das convulsións sociais que asolaron Europa e que motivaron que caese no esquecemento e que os camiñantes buscasen novas rotas de peregrinación, xa nos derradeiros anos do século XX regresou con nova forza e vitalidade grazas á adopción dunha serie de medidas encamiñadas á promoción, conservación e revitalización dos camiños de Santiago que acadou nestes últimos tempos un grande auxe e nos permite asistir a un novo renacemento das rutas xacobeas.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Turismo responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.18º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico, de interese de Galicia e no artigo 32 que corresponde á nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Turismo asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes.

Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a protección e posta en valor dos camiños de Santiago e fomentar a revitalización dos mesmos sen menoscabo do seu coidado e promover e difundir os seus valores intrínsecos impulsando actividades a medio das que se divulgue e facilite a comprensión da enorme potencialidade dos camiños de Santiago.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Turismo creou por Orde do 27 de agosto de 1996 o Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional dos camiños de Santiago co fin de estimular o labor de persoas que, como Elías Valiña Sampedro, un dos maiores revitalizadores dos camiños de Santiago, dedicaron gran parte da súa actividade á recuperación e

promoción dos camiños de Santiago, levando a cabo tarefas de sinalización, limpeza, enumeración quilométrica, e incluso fomentando a creación de asociacións de amigos do Camiño que velen pola conservación das respectivas parcelas ao longo das rutas xacobeas.

En consecuencia a do anteriormente exposto, esta consellería

### DISPÓN:

#### Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Por esta orde establécense as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión do premio Elías Valiña, para distinguir o esforzo revitalizador e promocional dos camiños de Santiago de Compostela, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por esta orde convócase o dito premio para o ano 2009.

#### Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.433.A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2008, por un importe máximo de 10.000 € (dez mil euros).

2. A concesión do premio queda sometida á condición da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

3. A concesión do premio recollido nesta orde será tramitada en réxime de concorrencia competitiva.

4. O premio regulado ao abeiro desta orde é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán participar nesta convocatoria as institucións, asociacións culturais, padroados, fundacións ou persoas individualmente consideradas, cunha traxectoria que acredite o seu labor na investigación, revitalización e conservación e que desenvolvan a súa actividade protectora, revalorizadora ou promocional dos camiños de Santiago, tanto dentro como fóra de Galicia, consonte as bases que figuran como anexo I desta orde, dediquen unha parte significativa da súa actividade á mesma finalidade, ou presenten un traballo investigador no mesmo eido.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios, as persoas nas que se produza algunhas das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os formularios da solicitude da axuda (anexo II desta orde) poderanse obter, ben fotocopiándoos do *Diario Oficial de Galicia* no que se publique esta orde ou ben na páxina da internet <http://culturaeturismo.xunta.es/>.

#### Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. O escrito de presentación da candidatura xunto coa documentación requirida, serán presentadas no Rexistro Xeral de Servizos Centrais da Xunta de Galicia, ou a calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de candidaturas comezará a contar a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará o 30 de setembro de 2009.

Artigo 5º.-*Prazo e duración do procedemento de concesión.*

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

2. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa, é o previsto na base décimo primeira, punto 3º desta orde, que non poderá superar os prazos establecidos no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

Artigo 6º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (<http://culturaeturismo.xunta.es/>), na súa epígrafe Información Trámites, punto de Premios.

b) O teléfono 981 54 48 93.

c) O enderezo electrónico [subdireccion.proteccion.ciudadecamiños.santiago@xunta.es](mailto:subdireccion.proteccion.ciudadecamiños.santiago@xunta.es)

d) Presencialmente nas dependencias da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral do Patrimonio Cultural para ditar as resolucións precisas para o desenvolvemento da orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da ao súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2009.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Conselleiro de Cultura e Turismo

#### *ANEXO I*

#### **Bases reguladoras da convocatoria do XIV premio Elías Valiña**

Primeira.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión do premio Elías Valiña, para distinguir o esforzo revitalizador e promocional dos camiños de Santiago.

Ao premio, que será de 10.000 € (dez mil euros) aplicaráselle a correspondente retención fiscal, e poderá outorgarse de xeito individual ou compartido, ou declararse deserto.

2. A institución, asociación ou persoa premiada recibirá un diploma e o importe do premio que lle será aboado mediante transferencia bancaria. No caso de que o premio sexa compartido, repartirase equitativamente entre os galardoados.

3. O procedemento para a concesión do premio recollido nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as candidaturas serán examinadas por un xurado, que

terá carácter de comisión avaliadora e que se axustará aos principios contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-*Beneficiarios.*

Poderán participar nesta convocatoria as institucións, asociacións culturais, padroados, fundacións ou persoas individualmente consideradas, cunha traxectoria que acredite o seu labor na investigación, revitalización e conservación e que desenvolvan a súa actividade protectora, revalorizadora ou promocional dos camiños de Santiago, tanto dentro como fóra de Galicia, de acordo coas bases que figuran no anexo I desta orde, dediquen unha parte significativa da súa actividade á mesma finalidade, ou presenten un traballo investigador no mesmo eido.

Non poderán obter a condición de beneficiarios, as persoas nas que se produza algunhas das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O premio poderá recaer:

a) En persoas, físicas ou xurídicas que teñan presentado un traballo de investigación, a título individual ou en equipo, que versará sobre calquera aspecto dos camiños de Santiago, do que deberán achegar un orixinal e unha copia, acompañadas dunha memoria que exporá a importancia e relevancia que a candidatura proposta tivo e/ou ten no desenvolvemento do labor de conservación, revitalización e promocional das rutas xacobeas.

b) Nunha asociación, fundación, movemento colectivo ou persoa física que teña destacado pola calidade das obras ou actividades realizadas por e/ou en defensa e posta en valor das rutas xacobeas. A candidatura deberá estar acompañada dunha memoria que exporá a importancia e relevancia do labor de conservación, revitalización e promocional das rutas xacobeas.

Tamén poderán presentar candidaturas con acompañamento de igual memoria as entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

Terceira.-*Solicitudes.*

1. As candidaturas ao premio presentaranse na forma e prazo que se indique na convocatoria.

2. A solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, irá acompañada dun escrito de presentación explicativo das motivacións da candidatura.

No caso de existir documentación suficiente nas dependencias da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, que avalen as traxectorias das candidaturas abondará a remisión da solicitude xunto coa memoria, para ser válida esta, pero deberán especificar en virtude de que actividades ou proxectos se consideran merecedores do premio.

Así mesmo, coas solicitudes xuntarase a seguinte documentación administrativa:

-No caso de que o solicitante non dispoña de certificado dixital, deberá achegar unha fotocopia do NIF ou documento equivalente.

-Unha memoria detallada da traxectoria do candidato que dea conta dos seus merecementos para o outorgamento desta distinción.

-Se a modalidade pola que se opta ao premio é a presentación dun traballo deberá presentar un orixinal deste acompañado dunha copia (deberán entregarse en papel e en formato CD).

-Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na que conste: ordinal bancario, código do banco, código da sucursal e código da conta corrente.

3. A documentación da candidatura premiada ao abeiro desta convocatoria quedará en poder, para o seu axeitado arquivo, da Consellería de Cultura e Turismo, reservándose esta o dereito de divulgación gratuíta da devandita documentación por calquera medio de reprodución con destino a actividades promocionais e divulgativas.

A documentación das candidaturas non premiadas seralles devolta aos interesados no caso de que estes o soliciten expresamente.

#### Sexta.-*Consentementos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a presentación da solicitude polo interesado ou interesados comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que sexan necesarias para acreditar estar ao día nas obrigas tributarias co Estado, a comunidade autónoma e coa Seguridade Social. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole, estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado/a.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web a nome do premiada/o e o importe do premio, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do premiado e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

3. De acordo co establecido no artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o premio outorgado ao abeiro desta orde figurará no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a/o solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos casos legalmente establecido.

#### Sétima.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión deste premio, correspondéndolle ao conselleiro de Cultura e Turismo ditar a resolución debidamente motivada da súa concesión, con indicación do nome do premiado/a ou premiadas/os e a contía que lle corresponde.

Oitava.

1. De conformidade co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase os/as solicitantes para que nun prazo de dez días hábiles, emende erros ou presente a documentación exixida perante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Nese requirimento farase indicación expresa de que se así non o fisexen teráselle por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria achegaranse ao xurado encargada da súa valoración, de acordo co establecido na base seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, nas que se indicarán as súas causas.

#### Novena.-*Comisión de valoración.*

1. Composición:

O premio será outorgado por un xurado, que terá a consideración de comisión de valoración, presidido polo conselleiro de Cultura e Turismo ou persoa en quen delegue, e estará integrado polos seguintes membros:

-O presidente do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago.

-Dous membros nomeados polo conselleiro de Cultura e Turismo entre persoas de recoñecido prestixio na materia.

-A institución, asociación cultural, padroado, fundación ou persoa que resultase gañadora na última convocatoria.

-Os presidentes das entidades inscritas no Rexistro de Entidades do Camiño de Santiago de Compostela cos números 54, 55, 56 e 57, que serán substituídos o vindeiro ano polos catro seguintes e así sucesivamente ata que rotaran todos.

Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, a xefe/a do Servizo de Conservación e Protección Xacobeas.

No caso de que na mesma entidade concorresen a condición de último gañador do premio Elías Valiña e de entidade inscrita no Rexistro de Entidades do Camiño de Santiago, segundo a relación prevista nesta orde cos números, 54, 55, 56 e 57, a entidade formará parte do xurado en calidade de gañadora da última edición, co que entraría a formar parte deste a seguinte entidade rexistrada na orde que proceda. A mesma solución será de aplicación no caso de renuncia a participar como xurado dalgunha ou algunhas das entidades que corresponda, segundo a prelación prevista neste artigo.

## 2. Funcións.

-As decisións do xurado especificarán a avaliación que lles corresponde en aplicación dos criterios previstos na base seguinte.

-O premio poderá outorgarse de xeito individual ou compartido, ou declararse deserto.

### Décima.-Criterios de valoración.

1. Os criterios que se empregarán para a valoración dos traballos serán, por orde decrecente de importancia, cun máximo de 100 puntos os seguintes:

-O número, calidade e rigor científico de accións revitalizadoras ou de investigación dos camiños xacobeos (20 puntos).

-A recuperación dos camiños de Santiago e os elementos do patrimonio a eles asociados, levando a cabo tarefas de conservación, sinalización, limpeza; e mesmo o fomento da creación de asociacións de amigos do Camiño de Santiago (20 puntos).

-O número de Proxectos de programación de actividades de recuperación da Memoria Histórica nos Camiños. (20 puntos).

-O uso da lingua galega (10 puntos).

-O número e adecuación temática dos proxectos que teñan como obxectivo a implantación de programas estables de conservación, recuperación e promoción das rutas xacobeas (10 puntos).

-Potencial número de beneficiarios e repercusión territorial do programa cara á revitalización dos camiños xacobeos (10 puntos).

-O emprego de medidas de igualdade e de accesibilidade nas rutas xacobeas (10 puntos).

### Décimo primeira.-Resolución e notificación.

1. A vista da deliberación do xurado, contida no ditame no que se concrete a súa avaliación, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o elevará xunto coa proposta de resolución ao conselleiro.

2. O conselleiro de Cultura e Turismo, á vista da proposta, ditará a resolución que proceda, debidamente motivada e será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, así mesmo, no enderezo da páxina web : <http://culturaeturismo.xunta.es/>.

3. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os tres meses. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria. En calquera caso, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación da concesión deste premio sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia a este, entenderase que o acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexítima o interesado para entender desestimada a súa candidatura por silencio administrativo.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

## Décimo segunda.-Régime de recursos.

Contra a resolución ditada ao abeiro desta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de RXAPPAC, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### Décimo terceira.-Anulación e reintegro.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións e axudas públicas percibidas, cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que os beneficiarios incumpran algunha das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo instruirá o expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da dita lei.

### Décimo cuarta.-Control.

Os solicitantes e premiado/s quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou polo Consello de Contas ou o Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

Ademais, deberán facilitarlle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural toda a información e documentación complementaria que esta estime precisa para a concesión ou aboamento do importe do premio.

### Décimo quinta.-Remisión normativa.

1. No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo.

-Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

-Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

### 2. E supletoriamente:

-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>PREMIO ELÍAS VALIÑA AO ESFORZO REVITALIZADOR E PROMOCIONAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO. ANO 2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CD141A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF / CIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[ ]		[ ]	[ ]
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
CORREO ELECTRÓNICO			
[ ]			

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- A) OBRAS OU ACTIVIDADES REVITALIZADORAS E PROMOCIONAIS REALIZADAS / ORIXINAL DO TRABALLO E UNHA COPIA EN FORMATO CD.
- B) MEMORIA EXPLICATIVA DA IMPORTANCIA OU RELEVANCIA DA CANDIDATURA PROPOSTA.
- C) FOTOCOPIA DA TARXETA DO NIF OU DOCUMENTO EQUIVALENTE.
- D) BREVE RELACIÓN DE ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO ANTERIOR (MÁXIMO 6 PÁXINAS).
- E) DECLARACIÓN XURADA DE TER OU NON SOLICITADAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DE CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO, NACIONAL OU INTERNACIONAL E, SE É O CASO, CONTÍAS SOLICITADAS.

## DATOS DA CANDIDATURA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR		
[ ]	[ ]	[ ]
MEMBROS DO EQUIPO, SE É O CASO		
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	-	[ ]
[ ]	-	[ ]
[ ]	-	[ ]

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta Orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 19 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública do premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional dos Camiños de Santiago e se convoca a súa XIV edición para o ano 2009.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño

Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na A.P. galega.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral a subvencións.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA